## ***I) TEORÍA***

1.− Valores temporais das formas de indicativo.

## ***II) PRONOMES***

**1.−** Pon **TE** ou **CHE** segundo proceda:

- ..... vou ..... conta−los nosos proxec:tos.
- ¿..... gustaría ..... faceres unha viaxe?
- Non permites que ..... diga ..... o que debes facer.
- ..... esperarei ...... onda sempre.
- Ninguén ..... quitará ..... esa idea da cabeza.
- ..... meteu ..... nun bo barullo.
- Agradecinlles que ...... levaran ..... con eles ó cine.
- .. puxo ..... a cociña pingando.

**2**.− Substituír **me** por **te** ou **che** (2ª pers.) e **o,a,os,as** ou **lle, lles** (3ª pers.).

- Díxome que non quixeras saí−lo domingo.
- 0 rapaz pediume cartos.
- A señora facíame o traballo ó meu gusto
- Agardoume á porta durante unha hora.
- Pareceume mal que non viñera.
- A rapaza deixoume sen avisar.
- 0 home seguiume a certa distancia.
- Sacoume do coche antes de que ardera.

**3.−** Substituír polos pronomes carrespondentes.

- Mercou **uns zapatos** na feira a bo prezo.
- Vin **a catedral** en obras e non avisei **a eles.**
- Merquei **uns regalos para os nenos.**
- Deixamo−**la parra** a medio podar.
- Prometeu **facer unha visita a Manuel** antes de se ir.
- Deixou **o paquete** esquecido e tivo que chamar **a Xosé**
- Vin **un rato** que pasaba **a** todo correr entre a leña.
- 0 meu neno prestou **os seus xoguetes ó demais.**
- Buscámo−**lo reloxo** por toda a eira.
- Quero prepara−**lo camiño ás que me substitúan.**
- Cómpre face−**lo traballo** axiña.
- Fixo **moitos exercicios para os alumnos.**
- ¿Trouxésche−**lo libro** a Andrés?

**4**.− Coloca−lo pronome.

- Entendeu pasado un bo anaco.(o)
- Buscou por todas partes.(os)
- Sempre di o mesmo. (lle)
- Antón foi buscar á estación. (a)

- Faltan tres días para machar. (nos)
- Abriu sen querer. (o)
- Buscou na clase e non estaba. (a)
- As chaves debes quitar de aí. (as)

**5.−** Colocar nos ocos o pronome:

- Al guén ..... deu .... a nova. (lle)
- Xa ..... falará ..... do asunto cando cheque. (che)
- Se non calas . ..... parto .... a cara. (che)
- ¿Quen ..... dixo ....... iso? (che)
- Non sei por que hoxe ..... dixo ..... iso. (nos)
- Quero que .... conte .... o que  pasou ..... (me/nos)
- Algún día ..... verei ..... falando galego. (vos)
- Soamente ....... encarguei ....... unha causa e non ........ fixestes ....... (vos/a)

**6**.− Traduce

- Los libros que les comprasteis a los niños no se los di por que os los podían estropear.
- Ya te vi el otro día en la televisión y espero seguir viéndote.
- Todo el día anduvo buscándolo y al final lo encontró.

***<u>III) VERBOS</u>***

1. Escribe o presente de indicativo dos verbos que van entre parénteses:

- Dixo a patroa que este ano non nos (SUBIR)  a renda.
- Con esa voz tan branda no te (SENTIR)  .
- Facede o favor de non berrar que o neno (DURMIR)  .
- Se este libro o vende coma o outro (CUBRIR)  de gloria.
- ¡(SACUDIR) iso! Non sei que (REBULIR)  dentro.
- 0 sol moito (LUCIR) en cambio as estrelas (TREMELUCIR)  .
- ¿Colleute o frío, ou? Moito (TUSIR) e así eu non (DURMIR) .
- Non lle deas con iso que o (FERIR) .
- Debe ser certo, cando non o (DESMENTIR) .
- ¡(BULIR) a comer! Non ves que tes que ir para a escola.
- Aquí o ceo tan axiña se (CUBRIR)  como se (DESCUBRIR)  .
- (SEGUIR) os mesmos pasos de seu pai.
- Na lingua teño unha especie de sarabullo que (CONSEGUIR) porme nervioso.
- Estás equivocado; os tesouros non che son para a xente que os (DESCUBRIR) .
- Moito (CUSPIR) ¿Sacáronche unha moa?
- As toupas (XURDIR)  da terra, pero logo (SUMIR) outra vez.
- ¡(FUXIR)  de aí! Se non queres ter unha agarrada comigo.
- (CUSPIR)  iso, meu neno. Non sexa que te atragantes.

2.− Analiza mofoloxicamente as seguintes formas verbais.−

Amo

Partín

Comían

Bebeu

Andamos (pte)

Andamos (pto)

Partiriamos

Andaren

Parte ti

Comeron

Partise (eu)

Ames

EXAME DE GALEGO 3º ESO 13 DE XUÑO DE 2000

NOME:  NÚM.:  .